

Obxecto:	Informe do Estudo de Impacto Ambiental (EslA) e Proxecto de Interese Autonómico (PIA)
Proxecto:	Parque eólico Alvite II
Localización:	Concellos de Mazaricos, Negreira e Santa Comba (A Coruña)
Promotor:	Green Capital Power S.L
Remitente:	Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira da Consellería de Economía, Industria e Innovación
S/clave:	IN408A 2019/016
Data rexistro:	02.08.2022
Expedientes:	03.I.606.2022.001 (Servizo de Arqueoloxía) e IA3031/2020 (Servizo de Arquitectura) e SPR-2022-2474.AUI (Consello Asesor dos Camiños de Santiago)

O 02.08.2022 entrou no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia un escrito do Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira da Consellería de Economía, Industria e Innovación no que se solicita que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural (en diante, DXPC) emita o correspondente informe sobre os documentos sinalados na cabeceira, de acordo co artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, o artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e o artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia. Para iso achéganse os enlaces para descargar os documentos: Estudo de Impacto Ambiental (EslA) (asinado 18.01.2022), Proxecto de interese autonómico (PIA) (24.01.2022) e Documentación complementaria (Plano do Parque eólico Arquivo Shape).

ANTECEDENTES:

O 31.07.2020 a DXPC emitira un informe do "Documento de Inicio. Parque eólico Alvite II. Marzo 2020" nos concellos de Negreira, Mazaricos e Santa Comba, no trámite de consultas sobre o alcance e contido do EslA, no que se indicou o seguinte:

- A execución do parque eólico Alvite II afecta negativamente ao Camiño de Fisterra e Muxía, e o seu territorio histórico. Asemade, nesa zona está en tramitación o parque eólico Alvite. En ambos parques a traza do camiño atravesa as poligonais e de construírse ambos parques, o Camiño de Santiago quedaría rodeado de aeroxeradores.
- Conforme ao exposto no apartado das consideracións legais e técnicas deste informe que recollen o expresado nos informes técnicos, o deseño do parque eólico debe modificarse buscando para os aeroxeradores da zona ao norte do Camiño AL01, AL02 e AL03 outro emprazamento na zona ao sur do Camiño, onde se emprazan o resto dos aeroxeradores e máis os aeroxeradores do parque eólico Alvite.
- O Estudo de impacto ambiental do deseño definitivo deberá contar cunha avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural que teña en conta o relacionada nas referidas consideracións legais e técnicas deste informe.

O 07.08.2020 a DXPC autorizara o arqueólogo Cristóbal Nodar Nodar (Zeta Arqueoloxía) para realizar a prospección arqueolóxica para avaliación de impacto sobre o patrimonio cultural do Parque eólico Alvite II (Mazaricos, Negreira e Santa Comba, AC) (CT 102A 2020/559-0).

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Disposicións legais a ter en conta en relación co patrimonio cultural:

- *Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016)*
- *Lei 7/2008, do 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia (DOG núm. 139, do 18.07.2008)*
- *Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban as Directrices de Ordenación do territorio de Galicia (DOG núm. 36, do 22.02.2011)*
- *Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11.12.2013)*
- *Lei 9/2018, de 5 de decembro, pola que se modifica a Lei 21/2013 de 9 de decembro de avaliación ambiental, a Lei 21/2015 de 20 de xullo, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de*



Montes e a Lei 2/2005, de 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de emisións de gases de efecto invernadoiro (BOE núm. 294, do 06.12.2018)

- *Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia (DOG núm. 162, do 27.08.2018)*
- *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 150, do 06.08.1997)*
- *Lei 1/2021, de 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia. (DOG do 14.01.2021)*
- *Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (DOG do 19.02.2016)*
- *Decreto 73/2022, de 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27.05.2022).*
- *Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 126, do 04.07.2022)*

Á vista da documentación remitida, e en relación co patrimonio cultural, tense en conta o expresado nos informes dos servizos técnicos:

Análise da documentación

Estudo de impacto ambiental (EslA)

- Segundo a documentación, remitida o obxecto do proxecto é a construción dun parque eólico con unha potencia total de 27 MW, composto por seis aeroxeradores MODELO Nordex N155 ou similar de 4,5 MW de potencia nominal unitaria, 120 m de altura de buxa e 155 m de diámetro de rotor, así como a súa infraestrutura asociada: vieiros de acceso e servizo, zona de provisión, plataformas de montaxe, cimentacións, gabias de cableado, torre de medición de 120 m de altura, e centro de seccionamento.
- A enerxía xerada no parque eólico evacuarase desde o seu centro de seccionamento ata a subestación do parque eólico Alvite, a través dunha liña de alta tensión en 30 kV, que se tramitarán nun expediente independente.
- A configuración do parque eólico Alvite II fai que se acceda ao mesmo desde varias vías. Así desde a estrada AC-400 chégase aos aeroxeradores AL01, AL02 e AL03 e á torre de medición, mentres que á posición do AL04 se accede desde a DP-5604, e tomando o desvío cara o leste da DP-5603 chegamos aos dous aeroxeradores restantes. Asemade, está previsto conectar a estrada AC-400 coa DP-5604 para poder chegar aos aeroxeradores da zona sur do parque eólico.
- No documento valóranse dúas alternativas de execución do Parque eólico Alvite II, resultando elixida a segunda delas, que se diferencia no modelo de aeroxerador, na posición das máquinas AL01, AL02 e AL03 máis ao norte (para separarse do Camiño de Santiago), no xiro das plataformas dos restantes aeroxeradores, coa consecuencia dos cambios nos vieiros de acceso aos mesmos, nunha nova posición tanto da torre de medición como das zonas de provisión e, por último, na substitución da subestación transformadora por un centro de seccionamento.
- O apartado 4.- Inventario ambiental, no seu punto 4.1.13.- Patrimonio cultural, recolle un listado cos elementos arqueolóxicos máis próximos ao parque eólico. Este punto tamén nos remite ao estudo específico da afección sobre o Camiño de Fisterra e Muxía e o seu territorio histórico, do Anexo VII.- Estudo de impacto sobre o patrimonio cultural.
- O apartado 5.- Identificación e valoración de impactos, no seu punto 5.5.- Caracterización e valoración de impactos, o apartado de Impactos sobre o patrimonio cultural na fase de construción remítenos de novo ao Anexo VII e subliña a importancia da presenza do Camiño de Santiago no ámbito do parque eólico. En todo caso, os redactores consideran que, coa aplicación das medidas correctoras oportunas, o impacto sobre o patrimonio será compatible. Por outra banda, o apartado Afección sobre a paisaxe na fase de explotación remítenos ao Anexo II.- Estudo de impacto e integración paisaxística, e valora o impacto do parque eólico sobre a paisaxe como moderado.
- No apartado 8.- Medidas previstas para reducir, corrixir ou eliminar os impactos, o seu punto 8.2.- Medidas preventivas e correctoras na fase de construción contén un apartado específico sobre o "Patrimonio Cultural" no que se establece a obriga de realizar o control e seguimento arqueolóxico das obras na fase de reformulo e tamén durante a remoción de terras,



especialmente nas realizadas na proximidade de elementos do patrimonio cultural. Ademais incluíranse na planimetría da obra os elementos do patrimonio cultural e as súas áreas de cautela, e balizaranse estes antes e durante a obra. Tamén se realizará unha revisión pormenorizada de todo o reformulo previo ás obras para comprobar que non afectan a ningún elemento do patrimonio cultural, coa prohibición de realizar provisións, préstamos ou instalacións dentro dos seus contornos de protección. A localización destas zonas de provisión da obra será comunicada con antelación. Por último, sinálase que as obras no contorno dos xacementos deberán restrinxirse ao proxectado.

- Por outra banda, no apartado sobre a "Paisaxe" destaca a medida prevista de colocación dunha pantalla vexetal que minore a afección visual do parque eólico sobre o Camiño de Santiago e varios núcleos próximos.
- O apartado 9.- Programa de vixilancia e seguimento ambiental, no seu punto "Control e seguimento arqueolóxico" recolle a obriga de realizar un control e seguimento arqueolóxico en todo o ámbito do proxecto durante as fases de reformulo, execución de obra na fase de movemento de terras e de restitución dos terreos.
- Achégase como Anexo núm. 2, Estudio de impacto e integración paisaxística, para dar cumprimento á Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, e sinálase (no epígrafe 2.6.2.2 Patrimonio Cultural) os elementos arqueolóxicos recollidos no Anexo VII. No apartado 4.1.1.2. Análisis de intervisibilidade, faise unha análise de afección visual a través de liñas de visión dende unha serie de puntos seleccionados (36) na contorna pola súa importancia e valor, e xera unha rede de intervisibilidade do parque. Entre os puntos de observación considerados escolleuse o lugar de especial interese paisaxístico (LEIP) de Cornado (punto 14), incluído no Catálogo de Paisaxes de Galicia, no lugar de emprazamento do xacemento arqueolóxico de Cornado. Indícase que a posición topográfica elevada así como a súa cercanía (sen ter en conta a presenza de apantallamentos) permiten unha intervisibilidade directa entre este LEIP Cornado e o parque eólico Alvite II. Ao respecto do Camiño de Santiago, Camiño de Fisterra e Muxía, este estudo remite ao Anexo 15, Estudo de impacto visual sobre o Camiño de Santiago, se ben tamén inclúe varios perfís e infografías desde o Camiño, e conclúe que, debido á escasa distancia existente e á topografía plana, a visibilidade e, polo tanto, o impacto serán elevados.
- Como Anexo 7 do EsIA, Estudio de impacto Patrimonio arqueolóxico, achégase a memoria da prospección arqueolóxica realizada para avaliar os impactos deste parque. Sinálase que logo do traballo de documentación fíxose unha prospección arqueolóxica de carácter extensivo sobre a poligonal do parque eólico, e de carácter intensivo nas áreas nas que se prevé realizar obras de construción relacionadas co proxecto. Esta prospección intensiva afectou a cada unha das posicións das turbinas eólicas e gabias nunha banda de 200 metros arredor da posición destas. Afectou tamén a todos os camiños previstos para acceder ás obras, nunha superficie de 200 m a cada lado da calzada, tanto en estradas para modificar como nas vías de nova creación, así como as zonas de almacenamento e instalacións. Indícase que se tiveron en conta as apreciacións do informe da DXPC do 31.07.2020.
- No devandito Anexo 7 do EsIA foron identificados un total de catro elementos do patrimonio cultural dentro do ámbito inmediato do proxecto: tres elementos arqueolóxicos e mais a traza do Camiño de Santiago, Camiño de Fisterra. A memoria arqueolóxica inclúe unha táboa con todos os bens, ademais dunha ficha individualizada cunha pequena descrición para cada un dos elementos con afección directa polas obras da infraestrutura eólica. Tamén se avalía especificamente o impacto para cada un deles, así como as medidas correctoras a aplicar para cada caso.
- Ao respecto do Camiño de Fisterra, o anexo sinala que a súa traza discorre por pistas de concentración parcelaria de nova creación, polo que non ten carácter tradicional, nin se conservan elementos asociados a el, como poderían ser os muros delimitadores do mesmo. A vexetación existente é na súa maioría de repoboacións de eucaliptos e piñeiros.
- En canto á avaliación de impacto, as persoas redactoras sinalan que a gabia de cableado do parque cruzará o Camiño de Santiago nun único punto, para chegar desde os aeroxeradores situados ao norte, aos do sur. Tamén subliña que se modificou o vieiro de acceso ao parque para que non coincida coa traza do Camiño en ningún punto. Os redactores consideran que coa aplicación das medidas correctoras oportunas, o impacto é compatible.



- Os elementos arqueolóxicos identificados no contorno do Parque eólico Alvite II son:
 - Mámoa de Contreiras (GA 15056087)
 - Posible mámoa de Contreiras 2 (RE15056007)
 - Túmulo 01: Mámoa de Fonte Carballa (inérito)
- Indícase que só se identificou impacto das obras sobre o elemento Posible mámoa de Contreiras 2 (RE15056007), afectada pola gabiá eléctrica nas proximidades do centro de seccionamento. Non se identificou outro tipo de elemento patrimonial protexido arredor das infraestruturas.
- Achéganse fichas dos elementos citados como localizados no Anexo VII, do EsIA. As fichas están actualizadas á data de entrega tanto na descrición realizada dos elementos como nas imaxes adxuntas.
- No apartado 8 do devandito Anexo 7 sinálase que no contorno do proxecto hai tres elementos arqueolóxicos dos cales non se considera que sufran impacto (sen impacto): a Mámoa de Contreiras (GA15056087), cunha gabiá de cableado proxectada a 250 m ao sur da súa localización e o túmulo (inérito) de Fonte da Carballa, coa gabiá de cableado para a torre de medición proxectada a uns 400m ao N-NW da súa posición. O estudo considerou un impacto compatible no caso da posible mámoa de Contreiras 2 (RE15056007). A descrición dos impactos establécese segundo a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- No apartado 9 do Anexo 7, Propuesta de medidas correctoras, propóñense as que seguen:
 - Medida correctora xenérica: realizar o control e seguimento arqueolóxico das obras.
 - Medidas correctoras de carácter xeral (aplicables a toda a área de incidencia do proxecto):
 - Avisar previamente ao equipo de arqueólogos/as responsables do control e seguimento arqueolóxico das obras, da localización tanto das posibles zonas de recadación ou de préstamo, como de calquera outro traballo non incluído na planimetría nin no proxecto, en previsión de que posibles bens sen identificar poidan verse afectados pola execución das obras.
 - Realizar unha revisión detallada de todo o replanteo previo os traballos para comprobar que non se afectan a elementos patrimoniais cultural non incluídos neste estudo de impacto
 - incluíranse nos plans dos responsables de obra os elementos do patrimonio cultural e as súas cautelas.
 - Medidas correctoras de carácter xeral para os xacementos ou elementos de interese patrimonial que puidesen ser localizados durante as obras:
 - Balizar cada elemento antes do comenzo das obras con material non perecedoiro, que deberá permanecer ata que as obras rematen,
 - Sinalizar os elementos do patrimonio cultural e das súas cautelas nos planos de obra, prohibición de todo tipo de remoción non controlada nas inmediacións.
 - Restrinxir os traballos na contorna dos xacementos ao proxectado,
 - Facer o control e seguimento de calquera cambio nas obras realizadas nas proximidades dos elementos patrimoniais para comprobar o existencia ou ausencia de materiais, restos ou estruturas de a vínculos arqueolóxicos ou históricos co elemento.
 - Medidas correctoras específicas para os elementos que presentan algún tipo de impacto:
 - No caso da posible mámoa de Contreiras 2 (RE15056007), cun impacto cualificado como compatible, proponse realizar un control presencial e intensivo de todos os movementos de terras a executar dentro da cautela subsidiaria do elemento, ademais das medidas correctoras xenéricas (balizamento, sinalización na cartografía, control xenérico...).
 - Medidas específicas para o punto de cruzamento da gabiá co Camiño de Fisterra propóñense as seguintes:



- Sinalización do Camiño durante a obra.
 - Habilitarase unha zona de paso ou incluso desvíos provisionais que garantan o tránsito fluído e seguro dos peregrinos.
 - Repoñerase o firme do Camiño ao seu estado orixinal, logo das obras.
 - Realizarase un estudo de impacto visual do proxecto eólico sobre o Camiño de Fisterra.
- O Anexo núm.15, Estudio de Impacto Visual sobre el Camino de Santiago referido Parque Eólico Alvite II, inclúe unha análise de accesibilidade visual, e infografías e fotomontaxes desde varias localizacións elixidas ao longo da traza do Camiño máis próxima ao parque eólico. Tamén trata o estudo dos efectos acumulativos das infraestruturas eólicas sobre o Camiño de Fisterra. O estudo propón como medida correctora a plantación de vexetación arbórea autóctona en algúns puntos, de xeito que se atenúe a presenza dos aeroxeradores desde o Camiño. Por último analízase o impacto final sobre os puntos escollidos do Camiño, concluíndo que o impacto será compatible en algúns deles, e moderado en outros. Como conclusión final o estudo sinala que coas pantallas vexetais propostas, o impacto sobre o Camiño de Fisterra pasará de moderado a compatible. Un dos puntos de visión analizados no lugar de Cornado está preto do emprazamento do antedito xacemento arqueolóxico de Cornado.

Proxecto de interese autonómico

- Ten por obxecto realizar a ordenación territorial dos terreos afectados pola implantación do Parque Eólico Alvite II, localizado nos termos municipais de Mazaricos, Negreira e Santa Comba na provincia da Coruña. Define os criterios de deseño, as características funcionais e a localización das actuacións de implantación do parque eólico garantindo a súa accesibilidade e sustentabilidade ambiental. Así mesmo, garante a axeitada inserción no territorio das actuacións que constitúen o seu obxecto, a súa vinculación coas redes e cos servizos correspondentes sen prexuízo da funcionalidade dos existentes a través da realización de cantas obras sexan necesarias, a súa adaptación ao medio no que se atopan e a súa articulación coas determinacións da ordenación urbanística e territorial vixente.
- No Anexo Ido PIA, Normativa urbanística vixente, sinálase que as figuras de ordenación territorial dos concellos afectados polo parque eólico son para o Concello de Mazaricos as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (NSPM, de maio de 1995). O concello de Negreira réxese polo Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM, de maio de 1999) e o Concello de Santa Comba tamén ten PXOM (de abril de 2001).
- No anexo Anexo III, Afecciones ambientales. Identificación y valoración de impactos, indícase un impacto negativo para o patrimonio arqueolóxico durante a execución e desmantelamento das obras do parque eólico pero este impacto cualifícase como compatible.
- No apartado, Justificación de la coherencia con las determinaciones y criterios de las DOT y análisis de compatibilidad estratégica, do Anexo V do PIA, sinálase que no deseño do parque eólico tívose especial coidado na protección do patrimonio cultural e do medio natural, de xeito que non se afectará o patrimonio cultural e que a afección ao medio natural no que se inscribe (solo rústico de protección forestal) será moderada.

Unha vez analizados os documentos pódense facer as seguintes consideracións técnicas:

- De acordo cos arquivos da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais e consultada a diversa cartografía e fotografías aéreas, así como a planificación municipal, o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBA), e os visores do Instituto de Estudos do Territorio, constátase que na zona de implantación do parque eólico hai bens do patrimonio cultural que poderían verse afectados polas obras da infraestrutura eólica e que son incluídos no Anexo 7 do EsIA, Estudio de impacto patrimonio arqueolóxico, no que se avalía o impacto sobre eles e se establecen medidas correctoras.
- Ao respecto do Camiño de Santiago, sinálase que a súa traza atravesa a poligonal do parque eólico Alvite II de leste a oeste, situándose os aeroxeradores do parque a ambos lados do Camiño de Fisterra e Muxía, uns ao norte e outros ao sur. Ademais o Camiño comparte o seu trazado con un tramo da estrada DP-5604, pola que se prevé acceder aos aeroxeradores situados na zona sur



do parque. Por último, suñar que o Camiño é atravesado por unha gabia de cableado no lugar do Confurco (concello de Santa Comba).

- Asemade, tense constancia da tramitación do expediente para a construción doutro parque eólico do mesmo promotor, o parque eólico Alvite, que engloba na súa poligonal case a totalidade da poligonal do parque eólico Alvite II, polo que a efectos de afección visual desde o Camiño de Santiago podería considerarse como un único parque.

O Camiño de Fisterra e Muxía está recoñecido como unha das rutas principais do Camiño de Santiago en base ao disposto no artigo 73.2 da LPCG, e o seu trazado está recollido no Plan Básico Autonómico.

A representación do Camiño de Santiago, Camiño de Fisterra e Muxía, e o seu territorio histórico no Estudo de impacto ambiental é moi deficiente. Así, a traza completa do Camiño só se recolle no seu Anexo XV: Estudo de impacto visual sobre o Camiño de Santiago, mentres que no resto dos anexos e planos do documento, ou non se recolle, ou ben se fai só parcialmente, eludindo o tramo leste do Camiño, ata a súa entrada na poligonal do parque, que é onde os aeroxeradores se atopan máis próximos ao trazado do Camiño de Santiago.

- Por outra banda, o Estudo de impacto ambiental non recoñece que os accesos ao parque eólico xeren ningún impacto sobre o Camiño de Fisterra. Asemade, no Estudo de impacto do patrimonio cultural expónse que o viero de acceso ao parque foi modificado en atención ao indicado polo informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 31.7.2020, sinalando que agora xa non coincide co trazado do Camiño en ningún punto. Sen embargo, para acceder á liña sur de aeroxeradores do parque debemos chegar desde a estrada xeral AC-400, tomando a estrada DP-5604 ata os novos vieiros de acceso aos aeroxeradores. En este traxecto, debemos empregar un tramo da DP-5604 que coincide co trazado do Camiño de Fisterra, polo que non se pode considerar que o acceso ao parque eólico Alvite II non orixine un impacto sobre o Camiño. O tránsito de vehículos e maquinaria pesada e de grandes dimensións por este tramo, común co Camiño de Fisterra, precisa que se tomen as medidas axeitadas ao respecto, para asegurar a protección e seguridade dos peregrinos que empregan esta ruta.
- En canto ao cruzamento da gabia de cableado co Camiño de Fisterra, as medidas e consideracións feitas no Anexo VII: Estudo de impacto sobre o patrimonio cultural considéranse axeitadas.
- Sobre a posición dos aeroxeradores do parque eólico Alvite II respecto do Camiño de Santiago, cumpre suñar que existen discrepancias entre a información achegada nos distintos anexos que configuran o documento de avaliación ambiental. Sen embargo, unha vez analizada a documentación achegada, pódese concluír que o aeroxerador AL06 é o que se atopa máis preto da traza do Camiño, concretamente a uns 531 m do tramo que discorre ao leste da poligonal do parque (coincidindo co tramo do Camiño non representado na documentación gráfica).
- Debe indicarse que catro dos seis aeroxeradores do parque, están a menos de 1 km do Camiño e, en todo caso, todos a menos de 1.238 m. Tamén ten importancia o feito de que o territorio no que se implanta a infraestrutura eólica teña unha topografía case de chaira, con escaso desnivel entre a posición dos aeroxeradores e os puntos de observación tanto dos peregrinos desde o Camiño, como dos habitantes da zona, o que incrementa o seu impacto visual.
- O informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 31.07.2020 dispoñía a necesidade da modificación do deseño do parque eólico, levando os aeroxeradores AL01, AL02 e AL03, os máis próximos ao Camiño (situados entre 280 m e 580 m), para a zona ao sur do Camiño de Santiago, onde estaban o resto dos aeroxeradores deste parque e tamén os do parque eólico Alvite. A proposta que se atopa agora en estudo mantivo os ditos aeroxeradores no lado norte do Camiño, se ben agora afástanse del de xeito considerable.
- Por último, cabe sinalar que tanto a liña de máquinas situada ao norte do Camiño (AL01-AL03) como a do sur (AL04-AL06) dispóñense ambas paralelas á traza do Camiño, acompañando o paso dos camiñantes que discorren pola ruta. A este respecto, o propio Anexo II: Estudo de impacto e integración paisaxística recoñece na súa análise de intervisibilidade que "...cun trazado paralelo ao deseño do parque eólico, o Camiño de Santiago a Fisterra cruza entre as dúas aliñacións proxectadas" de aeroxeradores. Esta disposición contradí as indicacións da "Guía para a protección do Camiño de Santiago" (publicada no ano 2012) e da "Guía de boas prácticas para as



actuacións nos Camiños de Santiago" (publicada no ano 2016) segundo as cales, co obxecto de minimizar o impacto dos parques eólicos, "non se instalarán aeroxeradores en liña paralelos ao Camiño nin perpendiculares que o atravesen".

- En canto á afección visual do parque, achegouse o Anexo 15: Estudo de impacto visual sobre o Camiño de Santiago referido ao parque eólico Alvite II no que se analiza, a través de planos, infografías e fotomontaxes, o impacto visual que xerará sobre o Camiño de Fisterra.
- O dito Anexo 15 achega tamén unha análise da "Accesibilidade visual desde o Camiño de Santiago", a partir do estudo desde 5 puntos de observación seleccionados ao longo do Camiño, deixando un longo tramo, entre o punto do Confurco e o das Maroñas que non foi analizado. Ademais, cabe indicar que o tramo de maior proximidade do parque eólico ao Camiño tampouco foi analizado, é dicir desde Vilaserío ata o Cornado.
- Cómpre sinalar que este Anexo 15 presenta numerosas incoherencias entre os datos das súas memorias, os planos de representación gráfica, e as infografías e fotomontaxes aportadas; e do mesmo xeito tamén cos restantes documentos do Estudo de impacto ambiental.
- Débese destacar que neste Anexo 15 tamén se propón a atenuación da presenza dos aeroxeradores coa plantación de árbores autóctonas de gran porte, concretamente bidueiros de ata 20m de altura. Estas plantacións en liña, configurarían barreiras visuais como estratexia de integración do proxecto na paisaxe. Sen embargo, unicamente se achegou un plano, no seu "Anexo 2. Medidas de apantallamento sobre o Camiño de Santiago", onde se indican os lugares nos que se localizarían estas pantallas verdes, e que sería no entorno dos cinco puntos elixidos para estudar a afección visual do parque eólico sobre o Camiño, sen que motive o porqué da elección destes puntos, e non doutros tramos onde a visión do parque poida ser maior ou máis próxima.
- As infografías que se achegaron, tanto no Anexo 2: Estudo de impacto e integración paisaxística como no Anexo 15: Estudo de impacto visual sobre o Camiño de Santiago, non están realizadas en moitos casos sobre fotografías obtidas in situ, senón sobre imaxes obtidas de aplicacións informáticas. Ademais, a escala de representación dos aeroxeradores, e as súas proporcións varían duns documentos a outros. Por outra banda, nelas apenas se amosa o efecto acumulativo que se xerará coa construción do parque eólico Alvite, ademais do Alvite II, segundo o indicado e requirido no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 31.7.2020.
- Segundo o Anexo 7 do EsIA, Estudio de impacto Patrimonio arqueolóxico, como resultado dos traballos arqueolóxicos localizáronse no espazo analizado tres elementos de carácter arqueolóxico: a Mámoa de Contreiras (GA 15056087), a referencia da posible mámoa de Contreiras 2 (RE15056007) e a Mámoa de Fonte Carballa, inédito, localizado como resultado da prospección (con respecto a este xacemento, salienta que non consta que fose presentada na DXPC a ficha de inventario deste novo xacemento arqueolóxico, polo que haberá que requirila, co obxecto de dar cumprimento do artigo 10 do Decreto 199/1997 polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Non se reflicten no estudo (agás nunha imaxe-plano do epígrafe 7.1) a totalidade dos elementos afectados pola poligonal do parque eólico cos seus contornos de protección, tendo en conta que tamén deberían ser incluídos aqueles elementos que aínda que están fóra da poligonal, teñen parte da súa área de protección incluída dentro da mesma (este sería o caso do xacemento arqueolóxico dos Castros de Cornado (GA15056040).
- Respecto deste xacemento arqueolóxico dos Castros do Cornado, salienta que está protexido no catálogo do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do Concello de Negreira, cun perímetro de 200 m medidos dende o vestixio máis exterior do ben. Catalogouse inicialmente como un xacemento castrexo no que só era visible parte do parapeto delimitador da zona norte, onde acadaba uns dous metros de altura con respecto ao exterior, entre 0'5 e 1 m no interior. Estudos posteriores baseados nos seus restos visibles e na análise da ortofotografía do voo americano de 1956 e mais do LIDAR (Laser Imaging Detection and Ranging), caracterizan a este xacemento como unha grande estrutura de planta rectangular en forma de naipe, constituída por fossa, agger e un vallum coas esquinas redondeadas, cunhas dimensións de 471 x 308 m e unha superficie de 12,78 ha. Por tanto, este xacemento está delimitado de maneira insuficiente e incorrecta nos planos de ordenación do PXOM de Negreira, sendo as súas estruturas moito máis



amplas do delimitado no devandito planeamento.

- As dimensións e a forma do xacemento de Cornado son equiparables ás dos recintos campamentais militares romanos localizados no noroeste peninsular, e para este tamaño tense calculado un continxente ou corpo de exército de entre 6250 e 8100 militares. Só a través de actuacións arqueolóxicas de sondaxes poderíase confirmar a natureza, cronoloxía e estrutura deste xacemento arqueolóxico, que, de confirmarse a súa entidade, sería o campamento máis occidental e o máis illado de outros recintos deste tipo coñecidos no territorio da Gallaecia galaico-romana. Ten un excelente control visual sobre a súa contorna, especialmente, sobre as chairas e pequenos outeiros situados ao oeste e a paisaxe máis accidentada ao longo dos ríos Donas e Barcala, ao sur e ao leste. Semella que a vangarda do recinto situaríase no sector suroeste, zona na que o foxo e o valo superpóñense puntualmente ao trazado oficial do Camiño de Santiago a Fisterra e Muxía. Este recinto fortificado aproveitaría ao máximo a topografía da zona para reforzar a súa posición con respecto a tres asentamentos castrexos localizados na contorna (Barbeira, A Pallota e Castroverde), e localízase relativamente preto do asentamento romano de Brandomil, importante zona aurífera en época galaico-romana, situado a poucos quilómetros ao noroeste.
- Tendo en conta o emprazamento do xacemento de Cornado -nun lugar destacado con amplo dominio visual sobre a contorna-, salientar que a implantación dos aeroxeradores AL04, AL05 e AL06 alteraría a escala de percepción e a contemplación deste xacemento no seu contexto ambiental, dun xacemento que pode considerarse singular e de gran potencialidade arqueolóxica, e que ademais foi incluído como lugar de especial interese paisaxístico (LEIP) no Catálogo de Paisaxes de Galicia.
- Por outra banda, hai que ter en conta que algún tramo das estradas existentes no interior da poligonal do parque eólico (DP-5604) pasa a escasos metros das Mámoas de Pena Silveira (GA150077007 e GA15077037), nun tramo amais coincidente co trazado oficial do Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía, e tamén a 150 m do Castro (GA1507721). A este respecto considérase que se deberá garantir que non haxa obras de acondicionamento desas vías que poidan xerar impactos sobre estes xacementos arqueolóxicos.
- Respecto ao acceso xeral ao parque eólico, aínda que se describe a ruta fóra da poligonal, non se concretan as actuacións que sería necesario realizar nos accesos para acondicionalos desde a rede de estradas xerais (rectificación de curvas, incremento de anchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc), polo que non se pode valorar si existen elementos do patrimonio cultural que se poidan ver afectados por estas actuacións. Podería ser o caso das Mámoas das Morosas 1 e 2 (GA15045037 e GA15045038), e da referencia A Medoña (RE15077006), situadas ás beiras da estrada AC-400.
- Asemade, é necesario ter en conta a natureza do rexistro arqueolóxico galego, moitas veces enmascarado por unha tupida vexetación, polo que non se pode desbotar a existencia de bens arqueolóxicos non detectados ate o de agora, que aínda que non estean recollidos en inventarios, son susceptibles de protección por configurar a paisaxe galega e caracterizar culturalmente o territorio. Polo tanto, considérase necesario e indispensable realizar o control e seguimento arqueolóxico das obras.
- Cotexados os datos e a planimetría do Parque Eólico Alvite II. Mazaricos, Negreira e Sta. Comba (A Coruña), compróbase que non existe diferenza nas características do proxecto en ambos documentos (PIA e EsIA). Non obstante, cómpre sinalar que na planimetría do Proxecto de Interese Autonómico, nos planos de clasificación urbanística proposta non se sinala o Camiño de Santiago, ben recollido no catálogo do Plan básico autonómico.

A DXPC dentro do ámbito das súas competencias, despois de ver os informes técnicos e logo de ser avaliado polo Consello Asesor dos Camiños de Santiago na súa sesión do 29 de novembro de 2022, e tendo en conta o establecido na LPCG, emite o seguinte

INFORME

En atención ao expresado nos apartados anteriores, e desde o punto de vista da protección do



patrimonio cultural, resulta evidente a afección que a construción do Parque eólico Alvite II ocasionará sobre o Camiño de Fisterra e Muxía e o xacemento arqueolóxico de Cornado, pola proximidade dos aeroxeradores e a súa implantación nunha paisaxe aberta, cunha topografía de escasos e suaves desniveis que potenciarán a súa visión, tanto desde a ruta xacobeá como desde o devandito xacemento e as poboacións próximas. Ademais debe terse en conta o efecto acumulativo que se xerará coa construción do parque eólico Alvite (tamén en tramitación), situado a carón do Alvite II.

Por tanto, infórmanse desfavorablemente as posicións dos aeroxeradores AL04, AL05 e AL06 xa que se consideran incompatibles pola súa proximidade e afección visual sobre o Camiño de Fisterra e Muxía e o seu territorio histórico e sobre o xacemento arqueolóxico do Cornado e, por tanto, deberán anularse.

Para o resto das infraestruturas emítese un informe favorable, coa adopción das medidas correctoras establecidas no Anexo 7 do Estudo de impacto ambiental, e debéndose, en todo caso, ter en conta as seguintes condicións e consideracións:

- As barreiras vexetais propostas no Anexo XV, Estudo de impacto visual sobre o Camiño de Santiago deberán dispoñerse nos lugares de maior afección visual ou proximidade ao parque, e estarán constituídas por árbores das especies autóctonas que configuran o contorno onde se van introducir, e non só por bidueiros. Haberá de achegarse previamente ao inicio da construción do parque eólico, unha memoria e a súa correspondente documentación planimétrica, onde se reflicta e xustifique a localización destas barreiras e as especies de árbores que as van constituír.
- O tramo da estrada DP-5604 que discorre polos contornos de protección dos xacementos arqueolóxicos das Mámoas de Pena Silveira (GA150077007 e GA15077037) deberá quedar libre de calquera obra que poida xerar movementos de terras nas áreas inmediatas destes xacementos arqueolóxicos que están localizados mesmo a rentes da vía, nun tramo ademais coincidente co trazado oficial do Camiño de Santiago a Fisterra-Muxía.
- Deberá completarse o Anexo VII do EsIA con todos os elementos localizados dentro da poligonal do parque eólico e tamén os que, estando fóra desta, teñan parte do seu contorno de protección incluído dentro da mesma (xacemento arqueolóxico de Cornado).
- Respecto ao acceso xeral ao parque eólico, aínda que se describe a ruta fóra da poligonal, non se concretan as actuacións que será necesario realizar nos accesos para acondicionalos desde a rede de estradas xerais (rectificación de curvas, incremento de anchos, cunetas, limpeza de vexetación, podas, etc), polo que non se pode valorar si existen elementos do patrimonio cultural que poidan verse afectados por estas actuacións. Por tanto, deberá avaliarse o posible impacto sobre o patrimonio arqueolóxico dos accesos fóra da poligonal, con especial atención aos xacementos que se sitúen preto das vías que se pretende utilizar.
- Sen prexuízo do anterior, adiántase as seguintes medidas protectoras e correctoras a ter en conta:
 - Os traballos de construción do parque eólico realizaranse baixo control e seguimento arqueolóxico; a tal fin, e previo ao inicio dos mesmos, deberá presentarse un proxecto arqueolóxico axustado ao establecido na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 92, do 16.05.2016) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm., 150, do 06.08.1997). Este proxecto contemplará as medidas protectoras e correctoras indicadas no Anexo VII do EsIA e as derivadas deste informe da DXPC.
 - A totalidade das obras que comporten movementos ou remocións de terras deberán levar aparelladas o control arqueolóxico das mesmas. Realizarase un especial seguimento da roza das zonas de obra, así como o control dos perfís e cortes que se xeren.
 - No caso de que se constate a existencia de restos arqueolóxicos, primarase a conservación *in situ* dos mesmos, avaliarase o impacto das obras e estableceranse as medidas correctoras oportunas. Así mesmo, deberá comunicarse inmediatamente a DXPC. Asemade, os concellos afectados deberán incluílos no catálogo de bens culturais da súa normativa urbanística e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.
 - Calquera modificación do proxecto terá que ser informada pola DXPC.
 - Os contornos de protección dos bens do patrimonio cultural, deberán quedar libres de



- obra nova relacionada co parque eólico.
- Certificarase o estado final dos elementos incluídos no patrimonio cultural unha vez rematada a totalidade de las obras.

Respecto do PIA

- Deberá incorporar calquera modificación no deseño do parque eólico e reflectirse nas planimetrías correspondentes para que haxa total correspondencia entre o proxecto executivo, o EsIA e o PIA. Asemade deberá incluír a totalidade do inventario dos bens identificados no EsIA, todas as valoracións de impacto e a proposta de medidas protectoras e correctoras que se recollan no mesmo.
- Os contornos de protección dos bens de patrimonio cultural serán os definidos nos planeamentos correspondentes, e, no seu defecto, os establecidos no artigo 38 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia. Cómpre recordar que os perímetros de protección 200 m serán medidos dende o vestixio máis exterior dos bens, non dende un punto central.
- Respecto da cualificación urbanística dos terreos, deberá recollerse a correspondente a solo rústico de protección de patrimonio para as áreas de protección integral dos xacementos arqueolóxicos existentes e contrastados en campo. Asemade deberá referirse ás normativas de protección do patrimonio cultural dos planeamentos urbanísticos dos concellos afectados.
- Os concellos afectados deberán integrar os novos bens patrimoniais identificados nos seus catálogos urbanísticos de protección e definir e cartografar os seus contornos de protección na planimetría de ordenación.

Toda vez que este informe se emite dentro do trámite ambiental, cómpre adiantar que de acordo cos artigos 39 e 45 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, as intervencións que se pretendan realizar en bens de interese cultural ou catalogados, así como no seu contorno de protección ou zona de amortecemento, terán que se autorizadas pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e a estes efectos, o promotor ou os concellos deberán remitir o correspondente proxecto técnico previa concesión de licenza municipal urbanística.

Documento asinado dixitalmente en Santiago de Compostela
A directora xeral de Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua

Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia Primeira da Consellería de Economía, Industria e Innovación

